



MEMORIA XUSTIFICATIVA RELATIVA AO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A PRESTACIÓN DE ASESORAMENTO EN MATERIA DE ALMACENAMENTO ENERXÉTICO.

O director do Departamento de Enerxía da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Universidade de Santiago de Compostela (USC), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e remata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o Inega e a USC para o asesoramento e apoio na análise, investigación, participación, estudo, identificación de oportunidades de captación de fondos públicos e proposta de actuacións no ámbito do almacenamento enerxético, co fin de garantir que a Administración pública galega, os axentes científico-tecnolóxicos e as empresas da Comunidade poidan dispor de información relevante e actualizada no eido do almacenamento da enerxía.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre os seus fins figuran "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

USC é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos estatutos aprobados mediante o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014) e no marco da lexislación





vixente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Inega colaborará ca USC no financiamento do desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, cunha achega de sesenta mil euros (49.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 09.A3.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2025.

No texto do convenioponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar o obxectivo dunha mobilidade mais eficiente e sustentable .

En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director do departamento de Enerxía
Javier Domínguez González

